

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

ORDE do 17 de setembro de 2024 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2025.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro), modificada pola Lei 1/2013, do 13 de febreiro (DOG do 14 de febreiro), determina no artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, dez ao ano.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a Comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido no parágrafo anterior, e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, unha vez publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas as que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, e terá que se presentar acompañada dos informes emitidos pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince (15) días, contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o dito prazo sen resolución expresa, considerarase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro, serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se aprobasen.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten competencia en materia de comercio, de acordo co disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27 de maio).



En aplicación dos citados preceptos, logo de consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos dez (10) domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2025.

Polo tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único. Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público durante o ano 2025 son:

- 7 de xaneiro
- 12 de xaneiro
- 17 de abril
- 29 de xuño
- 30 de novembro
- 6 de decembro
- 8 de decembro
- 14 de decembro
- 21 de decembro
- 28 de decembro

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2024

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

